

LINGUA GALEGA E LITERATURA

OPCIÓN 1

2 Rice chegara anos atrás dun punto perdido da China, fuxindo da miseria e do tedio, procurando
experiencias e ruído, fóra xa dun mundo en desequilibrio por mor dun encoro descomunal, **que** levaban
anos construíndo no curso do río Yan-tze.

4 Ao chegar á cidade pasara por mil traballos menores, deses **que** adoitan facer os inmigrantes
sen permiso de traballo, dificultado por un escaso coñecemento da lingua e por unha tendencia incom-
6 prensíbel a non procurar o abeiro dos cidadáns da súa fala. Adaptárase ben, ou así llo parecía a el e
aos seus amigos, con esa facilidade sutil **que** teñen os pobos de estirpe emigrante para sentirse, logo do
8 desconcerto inicial, aparentemente integrados en calquera parte do mundo.

10 Chegara para ficar, tras moitos avatares e moitas dúbidas, vivindo no gume cortante da incer-
teza e a inseguridade, sufrindo ameazas ficticias e verdadeiras, suando sangue para chegar á cidade de
promisión, ao refuxio de tantos cosmopolitas forzosos, de tantos desherdados de raíces, de tantos perdidos
12 nun mundo **que** xiraba aloucadamente sen deterse a pensar por que xiraba e por que o facía
aloucadamente.

14

Xabier Queipo, *Dragona*, 2007.

BLOQUE I

- 1.- Fai un esquema coas ideas principais e secundarias do texto. (1 punto)
- 2.- Expón a túa opinión persoal sobre a inmigración en España. (Mínimo 20 liñas) (2 puntos)

BLOQUE II

- 3.- Indica se é aberta ou pechada a vogal tónica das seguintes palabras: *miseria* (liña 1), *mor* (liña 2),
facer (liña 4), *logo* (liña 7) e *incerteza* (liña 9). (1 punto)
- 4.- Indica o significado que teñen no texto as seguintes palabras: *curso* (liña 3), *abeiro* (liña 6),
estirpe (liña 7), *gume* (liña 9) e *promisión* (liña 11). Non son válidas as definicións só con sinóni-
mos. (1 punto)
- 5.- Indica a función sintáctica que desempeña cada un dos catro *que* resaltados no texto (en negra
e subliñados). (1 punto)
- 6.- A normalización lingüística do galego. Estado actual e perspectivas da lingua galega. (Mínimo
15 liñas) (1 punto)

BLOQUE III

- 7.- Noriega Varela e Ramón Cabanillas. Obras representativas e características da súa escrita. (Mínimo 20
liñas) (3 puntos)

LINGUA GALEGA E LITERATURA

OPCIÓN 2

Lucía e Mabel tiñan 15 anos. O domingo incrementaron o número de mortos nas estradas galegas.

- 2 Viñan de madrugada dunha festa, dun botellón. Non ían conducindo, estaban no asento traseiro do vehículo, pero tampouco levaban o cinto de seguridade posto. Esqueceron prenderse á vida.
- 4 A maior parte dos sinistros teñen por protagonistas xente nova. ¿Ten sentido, entón, propoñer que os mozos de 16 anos que superen o exame teórico do carné de conducir poidan sentar ao volante dun
- 6 coche, sempre que vaian acompañados dun adulto? Por moitos anos de experiencia que lle esixan ao copiloto, non vai conducir por eles.
- 8 Neste caso, o mozo que levaba o automóbil tamén viña do botellón, e sobrepasaba o límite de alcoholemia. Parece ser que tamén sobrepasaba o límite de velocidade permitido. Ían con présa. Un poste
- 10 de formigón detivo a súa carreira. E a vida das mozas. Viaxaban seis no mesmo coche. Unha traxedia. O problema é que estes accidentes estanse a converter nun caso habitual. Prodúcense demasiados.
- 12 Séganse vidas de xoves en exceso. Son tantos que é sinxelo pensar que en lugar dunha traxedia, é unha traxedia máis. O condutor foi acusado de homicidio por imprudencia. Con isto non van arranxar nada, a
- 14 morte non ten remedio, pero así non dá lugar a dúbida que o conducir baixo os efectos do alcohol e sen cumprir as normas de circulación constitúe un delito. Causar a morte por este motivo é un homicidio.

16 María Canosa, *La Voz de Galicia*, 2-10-2007.

BLOQUE I

- 1.- Indica cal é o tema do texto e fai unha síntese del. (1 punto)
- 2.- Expón a túa opinión persoal sobre o problema que se expón no texto. (Mínimo 20 liñas) (2 puntos)

BLOQUE II

- 3.- Sinala catro formas verbais do subxuntivo que atopes no texto e di o tempo, número e persoa de cada unha delas. (1 punto)
- 4.- Indica un sinónimo e un antónimo do significado que no texto teñen as seguintes palabras: *mortos* (liña 1), *posto* (liña 3), *nova* (liña 4), *habitual* (liña 11) e *sinxelo* (liña 12). (1 punto)
- 5.- Analiza sintacticamente a seguinte oración: *¿Ten sentido propoñer que os mozos de 16 anos poidan sentar ao volante dun coche?* (1 punto)
- 6.- O conflito lingüístico. Definición, causas e consecuencias. (Mínimo 15 liñas) (1 punto)

BLOQUE III

- 7.- A xeración Nós. Características. Autores e obras. (Mínimo 20 liñas) (3 puntos)

LINGUA GALEGA E LITERATURA

OPCIÓN 1

Como adoitaba acontecer, comezamos a falar todos á vez sen máis intención cá de
2 expoñer o que opinabamos cada quen. A min, que a vira nos telediarios da noite anterior, a
noticia do rapaz que matara ós pais e á irmá afectárame especialmente. A miña familia tamén
4 estaba composta polo pai, a nai, un irmán e mais eu.

—¡A pena de morte! —a miña voz soou máis alta e calaron as outras— só eliminándoo a
6 el podemos estar seguros de que non a vai repetir.

¡Pena de morte! Foi como se pronunciase a frase fatídica. Nor, sempre tan perfecta,
8 comezou a rebaterme. Os compañeiros de máis preto deixaron de discutir para nos escoitar. No
resto da aula tamén se facían grupos de debate.

—Por favor, Marta, é como se dixeses que a maneira de erradicar a pobreza no mundo é
10 eliminando os pobres. Para que non haxa asasinós, ¡ala!, matámoslos.

—Pois si, penso que sería unha boa solución. Moléstame estar comendo con esas imaxes
12 de miseria e fame que dan noxo. Se non saben buscarse a vida que desaparezan dunha vez e
senón que o Bill Gates ese lles dea un belisco da súa fortuna. A min que me deixen en paz. Non
14 teño por que aturar iso...

Fina Casalderrey, *Electrocardiograma plano*, 2001.

BLOQUE I

1.- Explica cal é a estrutura do texto. (1 punto)

2.- Expón a túa opinión crítica sobre a existencia da pena de morte. (Mínimo 20 liñas) (2 puntos)

BLOQUE II

3.- Indica se a vogal tónica das seguintes palabras é aberta ou pechada: *vez* (liña 1), *tamén* (liña 3), *pobreza*
(liña 10), *pobres* (liña 11), *noxo* (liña 13). (1 punto)

4.- Partindo do significado que teñen no texto, indica un sinónimo de cada un das seguintes formas: *acontecer*
(liña 1), *preto* (liña 8), *erradicar* (liña 10), *asasinós* (liña 11), *aturar* (liña 15).

5.- Analiza sintacticamente a seguinte oración: *Moléstame estar comendo con esas imaxes de miseria
e fame que dan noxo*. (1 punto)

6.- O conflito lingüístico. Definición, causas e consecuencias. (Mínimo 15 liñas) (1 punto)

BLOQUE III

7.- Tendencias da narrativa galega de posguerra. Autores e obras. (Mínimo 20 liñas) (3 puntos)

LINGUA GALEGA E LITERATURA

OPCIÓN 2

2 Para on Enrique Múgica, Defensor del Pueblo, os contrarios aos touros somos uns
parvos. Non pode descoñecer que, neste país, máis dun 70% estamos nese apartado: na súa
lóxica, a maioría do país é parva.

4 E supoño que tamén a maioría dos países que ven no espectáculo dos touros un acto de
barbarie primitiva.

6 Como non ten brillado moito como valedor do pobo, faise agora valedor non dos touros,
senón dos que torturan, dos que envilecen á xente cun espectáculo primitivo, dos que matan, para
8 se divertiren, a touros indefensos. ¿É esta a estética que el defende e para a que di ter especial
sensibilidade?

10 Para el, esa sensibilidade é case divina: non hai argumentos racionais para defender a tal
«fiesta», e pensa —é un dicir— que non se pode explicar como tampouco os filósofos poden
12 explicar racionalmente a existencia de Deus. «Ou se cre ou non se cre», di cheo de razón.
Naturalmente, el cre.

14 O malo deses crentes sen dúbidas é que son dogmáticos. E un dogmático é alguén que
nega ao outro, que o exclúe, que non sabe de convivencia nin de concordia.

16 Nun país normal o señor Múgica sería destituído de maneira fulminante.

18 Pero aquí, como nos tempos de Franco, só porque iso é o que pide a cidadanía, que el non
defende, posponse o cesamento: así non se demostra debilidade. Pero si que os que o nomearon
se lle asemellan bastante.

Xosé Luís Franco Grande, *La Voz de Galicia*, 8-12-2008.

BLOQUE I

1.- Fai un esquema coas ideas principais e secundarias do texto. (1 punto)

2.- Expón a túa opinión crítica sobre o que se di no texto. (Mínimo 20 liñas) (2 puntos)

BLOQUE II

3.- Segmenta morfoloxicamente as seguintes palabras indicando o valor de cada un dos compoñentes:
descoñecer (liña 2), *apartado* (liña 2), *envilecen* (liña 7), *convivencia* (liña 15), *ciudadanía* (liña 17). (1
punto)

4.- Indica o significado que no texto teñen as seguintes palabras: *barbarie* (liña 5), *envilecen* (liña 7), *estética*
(liña 8), *dogmáticos* (liña 14), *fulminante* (liña 16). Non son válidas as definicións só con sinónimos. (1
punto)

5.- Indica no texto catro formas *que* que non teñan valor de relativo. (1 punto)

6.- A normalización lingüística do galego. Estado actual e perspectivas da lingua galega. (Mínimo 15 liñas)
(1 punto)

BLOQUE III

7.- A literatura galega do exilio. Características. Autores e obras. (Mínimo 20 liñas) (3 puntos)